



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA**

Agra de Baño 21, MUROS – 15259

Tif.: 881 867 110

[ies.fontexeria@edu.xunta.es](mailto:ies.fontexeria@edu.xunta.es)



UNIÓN EUROPEA

IES Plurilingüe Fontexería

**CONCRECIÓN ANUAL  
PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE  
CURSO 2023-2024**

## INTRODUCCIÓN

O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento no que se articula a forma de atención á diversidade á que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006 e o artigo 10 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro. Neste Plan concréntanse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que o centro educativo deseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

A comezo de cada curso escolar, os departamentos de orientación dos centros elaborarán a proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que debe formar parte da programación xeral anual. O equipo directivo incorporará esta concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade á programación xeral anual, e velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria.

A continuación recóllese a proposta anual de actuacións, medidas e recursos para atender á diversidade, facilitando os procesos de ensino-aprendizaxe ao alumnado escolarizado no centro. Ditas medidas, son revisables e están suxeitas a avaliación continua, debendo propiciar a participación de toda a comunidade educativa e a colaboración de se lo caso de outras administracións, servizos ou institucións.

### 1. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN IES FONTEXERÍA. CURSO 2023-2024

O Departamento de Orientación está constituído polos seguintes membros:

- María García Quintela: xefa de departamento
- Natalia Lamas Álvarez: profesora de Pedagogía Terapéutica
- Andrea Gil Torrejón: titora do ámbito socio lingüístico
- Isabel Molíns Suárez: titora do ámbito científico tecnolóxico
- Nuria Sambade Martínez: orientadora CEIP Ramón de Artaza

### 2. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

No presente curso desenvolveranse as seguintes medidas (as características das mesmas recóllense no Plan Xeral de Atención á Diversidade):

▷ Medidas de carácter xeral, preventivo e/ou ordinario, para atender á diversidade do alumnado (medidas curriculares e organizativas): adecuación de horarios, espazos do centro e da aula ás características do alumnado; a programación flexible e adaptada ás necesidades do alumnado; adaptación de tempos, instrumentos e/ou procedementos de avaliación; aula de convivencia e actuacións dirixidas á mellora da convivencia e ao respecto e promoción da

igualdade; desdoblamento de grupos; reforzo educativo; e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

▷ Medidas de carácter extraordinario (medidas curriculares e/ou organizativas) axustadas ás características do centro e ás necesidades do alumnado que se aplicarán cando non fosen suficientes as de carácter xeral para acadar os obxectivos previstos e requiren de autorización do Servizo de Inspección, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral de Educación: apoios da profesora especialista de Pedagogía Terapéutica; agrupamentos flexibles; e adaptación curriculares (AC).

Como punto de partida para a determinación das liñas fundamentais de intervención no actual curso dentro do plan de atención á diversidade do alumnado, partírase da revisión e organización da información do alumnado con necesidade específica de apoio educativo escolarizado nos grupos, a fin de determinar as actuacións máis axeitadas. Neste senso, as primeiras reunións de coordinación co profesorado permiten detectar necesidades e establecer actuacións oportunas. Da mesma maneira, os departamentos didácticos aplicarán instrumentos de avaliación inicial que determinen a competencia curricular co fin e adaptar as programacións.

O departamento de orientación colaborará cos departamentos didácticos na detección de necesidades e no establecemento do tipo de actuación máis adecuada, en especial, do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que precise dunha avaliación psicopedagóxica e da organización e elaboración de medidas extraordinarias.

Durante este ano académico, o profesorado de pedagogía terapéutica desenvolverá o seu labor de apoio co alumnado que necesite atención individualizada, preferentemente, dentro da aula ordinaria. Colaborará no desenvolvemento de técnicas e estratexias dirixidas ao tratamento educativo das dificultades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Participará, de igual modo, na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares co profesorado implicado e coa xefatura do departamento de orientación. Así mesmo, colaborará na avaliación inicial do alumnado que acceda á ESO e naquelas sesións de avaliación que afecte ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Asistirá ás reunións da CCP e as de coordinación cos demais membros do departamento de orientación; así como ás xuntanzas do profesorado, a requirimento da xefatura de estudos realizadas con anterioridade ao comezo da actividade lectiva (nas que se puideran concretar as propostas para a atención á diversidade do alumnado).

Como en cursos anteriores, continuarase co labor de apoio e colaboración co centro educativo por parte dos Servizos Sociais do Concello co alumnado que presenta dificultades persoais e sociofamiliares e no desenvolvemento do Programa de Reforzo do Concello de Muros (PREM).

Así mesmo, a xefatura do departamento de orientación levará a cabo a coordinación do proxecto QUÉROTE + (incluído na iniciativa PROXECTA) cuxo obxectivo é achegar ao alumnado información fiable e reflexionar sobre riscos asociados a determinadas situacións (protección da imaxe persoal nas RRSS, seguridade en Internet, saúde sexual...) tomando conciencia dos hábitos saudables e de protección da imaxe persoal.

### 3. OBXECTIVOS

- Previr dificultades de aprendizaxe e evitar, na medida do posible, o abandono e fracaso escolar.
- Colaborar co profesorado tanto na prevención e detección de necesidades como na planificación, realización e seguimento de tarefas ou actividades dirixidas a súa solución.
- Buscar a cooperación entre todos os responsables do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado para optimizar os resultados do mesmo e conseguir o desenvolvemento integral dos alumnos e alumnas.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares dos/as alumnos/as mediante medidas oportunas tal como se recollen na normativa vixente (contempladas no Plan de Atención á Diversidade do Centro).
- Colaborar cando proceda na fase de deseño e desenvolvemento das diferentes decisións curriculares.

### 4. ACTUACIÓNS:

#### - Respecto ao centro:

- Colaborar coa Comisión de Coordinación Pedagóxica nos termos que se establezan para continuar a elaboración do Proxecto Educativo, especialmente na revisión e actualización do Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Deseñar actuacións dentro do Programa de Acollida do centro que teñan como obxectivo a atención aos aspectos emocionais e sociais mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

➤ Atender aos seguintes aspectos, en coordinación co profesorado implicado, en relación ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo do centro:

- Criterios e procedementos para a elaboración de Adaptacións Curriculares e medidas de Reforzo Educativo.

- Plano de Titorías.

- Plano de orientación académico profesional.

- Organización de recursos persoais e materiais para a atención deste alumnado na aula ordinaria e na de apoio.

- Criterios e procedementos de avaliación e promoción.

- Criterios e procedementos para recuperar as áreas, materias ou módulos pendentes

- **Respecto ao profesorado:**

➤ Potenciar o traballo colaborativo do equipo docente en relación a situacións que se detectan entre o alumnado do centro, que sexa eficaz na abordaxe na prevención e intervención temperá nesas dificultades ou necesidades do alumnado.

➤ Asesorar sobre aspectos metodolóxicos e organizativos referidos a: agrupamentos, organización dos espazos, distribución do tempo, emprego de recursos, e t c . Así mesmo, proporcionarase asesoramento pedagóxico aos docentes para axustar a súa práctica educativa telemática na atención á diversidade.

➤ Participar nas sesións de avaliación e reunións do equipo docente.

➤ Colaborar na identificación de alumnos destinatarios para o Programa de mellora do éxito escolar ( no caso que se valore para o vindeiro curso académico) ou do alumnado obxecto da Formación profesional básica.

➤ Asesorar en aspectos metodolóxicos, organizativos e medidas de atención á diversidade a través das distintas reunións cos titores dos diferentes cursos e de carácter extraordinario que se poidan precisar.

- **Respecto aos pais/nais:**

➤ Programar reunións iniciais co profesorado, alumnado e familias co fin de intercambiar información e dar orientacións axustadas ás necesidades do alumnado.

➤ Desenvolver reunións de seguimento coas familias.

➤ Proporcionar asesoramento e apoio aos alumnos/as e familias ante posibles circunstancias de índole aptitudinal, motivacional, social, e t c que puideran interferir no proceso de ensino-aprendizaxe.

➤ Traballar a implicación das familias en actividades de reforzo e apoio educativo.

➤ Intercambiar información coas familias e con outros axentes externos implicados na intervención con este alumnado, a fin de coordinar actuacións de xeito eficaz.

- **Respecto ao alumnado:**

➤ Prevención, detección e coordinación do tratamento das dificultades de aprendizaxe:

- Avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia curricular e as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

- Intervención nas sesións de avaliacións e reunións dos equipos docentes.

➤ Coordinación da avaliación psicopedagóxica do alumnado que presente dificultades de aprendizaxe e que precisen medidas educativas específicas.

➤ Reforzos educativos dentro e fóra da aula e apoios educativos por parte do profesorado de pedagogía terapéutica e do profesorado con dispoñibilidade horaria, co alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo.

Ademais, coa intención de facer unha análise máis pormenorizada das necesidades educativas presentes no IES Plurilingüe Fontexería, refírese a continuación unha relación de aquel alumnado con necesidade específica de apoio educativo que recibe atención educativa neste curso por parte do profesorado de pedagogía terapéutica; así como das medidas educativas que se están a desenvolver para dar resposta a ditas necesidades:

- **Alumnado escolarizado en 1º ESO:**

Contéplase o deseño de intervencións prioritarias por parte da profesora especialista en pedagogía terapéutica co alumnado escolarizado en 1º ESO con necesidade específica de apoio educativo:

- Un alumno con necesidades educativas especiais por presentar discapacidade asociada a TDAH. Aplicaranse as pautas do protocolo para alumnado con TDAH. Exento da 2ª lingua estranxeira.

- Un alumno con necesidade específica de apoio educativo por presentar TDAH. Aplicaranse as pautas do protocolo para alumnado con TDAH. Exento da 2ª lingua estranxeira.

- Un alumno con necesidade específica de apoio educativo por condición de historia persoal. Presenta desfase curricular debido a unha asistencia irregular ao centro educativo e falta de seguimento no ámbito familiar. Exento da 2ª lingua estranxeira e proposto para a realización de AC na materia de lingua galega e literatura.

- Un alumno con necesidade específica de apoio educativo por presentar dificultades específicas de aprendizaxe. Exento da 2ª lingua estranxeira.
- Unha alumna repetidora con necesidade específica de apoio educativo por presentar dificultades específicas de aprendizaxe. Exenta da 2ª lingua estranxeira.
- Un alumno con necesidade específica de apoio educativo por incorporación tardía ao sistema educativo español. Presenta un nivel curricular baixo, fundamentalmente no ámbito lingüístico. Exento da 2ª lingua estranxeira.
- Unha alumna con necesidade específica de apoio educativo por incorporación tardía ao sistema educativo español. Presenta un nivel curricular baixo. Proposta para exención da 2ª lingua estranxeira.

Ademais, en 1º de ESO reciben medidas de reforzo educativo na materia de matemáticas por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria 5 alumnos/as máis con dificultades nas materias instrumentais, estando exentos de cursar a 2ª lingua estranxeira 3 deles.

**- Alumnado escolarizado en 2º ESO:**

Contéplase o deseño de intervencións prioritarias por parte da profesora especialista en pedagogía terapéutica e medidas de adaptación curricular co alumnado escolarizado en 2º ESO con necesidade específica de apoio educativo:

- Un alumno con necesidades educativas especiais derivadas dunha discapacidade asociada a TEA e TDAH. Precisa as medidas de atención ao alumnado con TDAH: uso da axenda, flexibilización dos tempos, atención individualizada. Aplicaranse as pautas do protocolo para alumnado con TEA. Exento da 2ª lingua estranxeira.
- Unha alumna repetidora con necesidade específica de apoio educativo por condición de historia persoal. Presenta desfase curricular na maioría das materias debido a unha asistencia irregular ao centro educativo e falta de seguimento no ámbito familiar. Conta con AC nas materias instrumentais, inglés, xeografía e historia e física e química. Exenta da 2ª lingua estranxeira.
- Un alumno con necesidade específica de apoio educativo por presentar dificultades específicas de aprendizaxe e desfase curricular derivado da asistencia irregular a clase e da falta de motivación e interese polo académico. Exento da 2ª lingua estranxeira.

Ademais, en 2º de ESO reciben medidas de reforzo educativo na materia de física e química por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria, 10 alumnos/as con dificultades de aprendizaxe, estando exentos de cursar a 2ª lingua estranxeira.

Así mesmo, en 2º de ESO cóntase cun agrupamento flexible nas materias instrumentais ao que asisten 9 alumnos/as.

**- Alumnado escolarizado en 3º ESO:**

Contéplase o deseño de intervencións prioritarias por parte da profesora especialista en pedagogía terapéutica co alumnado escolarizado en 3º ESO con necesidade específica de apoio educativo:

- Un alumno con necesidades educativas especiais por presentar discapacidade asociada a TEA e a Trastorno específico da linguaxe. Durante a súa escolaridade recibiu apoio dentro da aula. Aplicaranse as pautas do protocolo para alumnado con TEA.

Ademais, en 3º de ESO reciben medidas de reforzo educativo por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria na materia de matemáticas e física e química, 7 alumnos/as con dificultades de aprendizaxe; dous deles presentan un baixo nivel curricular por incorporación tardía ao sistema educativo español.

**- Alumnado escolarizado en 4º ESO:**

Cóntase cun agrupamento flexible nas materias instrumentais ao que asisten 9 alumnos/as.

**- Alumnado escolarizado en 1º FP Básica:**

Contéplase o deseño de intervencións prioritarias por parte do profesorado especialista en pedagogía terapéutica co alumnado escolarizado en 1º FP Básica con necesidade específica de apoio educativo:

- Un alumno con necesidades educativas especiais por presentar discapacidade asociada a TEA. Durante a súa escolaridade recibiu apoio fóra e dentro da aula presentando dificultades principalmente na área de matemáticas. Aplicaranse as pautas do protocolo para alumnado con TEA.

Coordínanse actuacións por parte do centro educativo, coas familias e servizos externos (gabinete psicopedagóxico, servizos sanitarios e sociais, equipo de orientación específica) implicados na atención de varios alumnos e alumnas escolarizados no IES nestas ensinanzas.

## **5. MECANISMOS DE COORDINACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN**

O Plan de Atención á Diversidade someterase a un proceso continuo de avaliación formativa no que as actividades de avaliación irán encamiñadas a :

- Valorar en que medida se están acadando os obxectivos propostos.
- Mellorar os deseños da intervención aproveitando a retroalimentación informativa para corrixir e adaptar ditos deseños.

Farase, ao respecto, un seguimento destas medidas, nas sesións ordinarias de avaliación.

Ao final de curso considerarase unha serie de propostas de mellora para vindeiros anos académicos.